

ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL-CONCELLOS 2026 (BOP NÚM. 197 DO 15 DE OUTUBRO DE 2025))

En Melide, a 12 de maio de 2026, sendo as 10.00 horas, reúnense baixo a presidencia de Juan Carlos Curros Vázquez, os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para a realización do primeiro exercicio de "4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE...."

Presidente: Juan Carlos Curros Vázquez
Secretaria: María José Enjamio Vázquez
Vogal: Juan Manuel Cardelle Segade
María del Carmen Villarabide Prado
Joaquin Vázquez Rodríguez



O presidente declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO, proba práctica, e segundo o apartado 5 das bases, este tribunal dispuxo do asesor especialista e encargado de obras do Concello de Melide, José Ángel Cabo Seijas baseándose no punto 6.1 da convocatoria, sendo o suposto práctico o seguinte:

1. Definir o uso das ferramentas dispostas na mesa;
2. Manexo e levantamento dun saco de cemento;
3. Montaxe dunha pechadura nunha porta; e
4. Instalación dunha billa nunha tubaría.

PUNTUACIÓN:

NOME	PUNTUACIÓN
L. L., LUIS	14
C. L., ANTONIO	12
S. V., FERNANDO	9,50
Q. S., ALFONSO	16
T. L., MANUEL	6,00- NON APTO
G. M., MÓNICA	13

A Comisión Seleccionadora concede un prazo de 2 días hábiles a contar dende a publicación na sede electrónica do Concello de Melide do anuncio da valoración do primeiro exercicio da fase de concurso para posibles reclamacións por parte dos/as aspirantes.

Convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes que superaron o 1º exercicio da fase de oposición para a realización do 2º exercicio da fase de oposición o xoves 14 as ás 12.00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 12:20 h do que eu, **SECRETARIA**, certifico.

Melide, 12 de maio de 2026
A comisión seleccionadora.

